



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
Lugar da Barcia 56, Lاراño
15897 Santiago de Compostela
Tel: 981547354 - Fax: 981547381
agader.xunta.es
CIF: Q1500273F



Isaías Calvo de la Uz, secretario do Consello de Dirección da
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader),

Certifico:

Que o Consello de Dirección de Agader, na súa reunión do once de
xullo de dous mil trece, aprobou o seguinte acordo:

**“Ao abeiro da alínea Dous.l) da disposición adicional sexta da Lei 5/2000,
do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e
administrativo, engadida pola Lei 15/2010, do 28 de decembro, de
medidas fiscais e administrativas, e de conformidade coa proposta do 8
de xullo de 2013 do director xeral de Agader, apróbanse os seguintes
acordos:**

**1. Modificación do acordo do Consello de Dirección de Agader do 20 de
decembro de 2011 sobre prazos de presentación de solicitudes de cesión.**

**Modifícase o acordo do Consello Dirección de Agader do 20 de decembro
de 2011, polo que se aprobaron os prazos de presentación de solicitudes
cesión, que queda redactado como segue:**

**Apróbanse os prazos para que as persoas interesadas presenten as
solicitudes de cesión de predios con vocación agraria no marco da Lei**

galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
Lugar da Barcia 56, Lاراño
15897 Santiago de Compostela
Tel: 981547354 - Fax: 981547381
agader.xunta.es
CIF: Q1500273F



6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, o prazo de resolución do procedemento e o sentido do silencio administrativo.

O primeiro dos prazos de solicitude abarcará os meses de marzo e abril e o segundo dos prazos os meses de outubro e novembro de cada ano. Fóra destes prazos, as solicitudes inadmitiranse por extemporáneas.

Non será necesario que se dite un acordo de iniciación expreso para cada un dos prazos, considerándose como data do acordo de iniciación o primeiro día natural do primeiro mes de cada un dos prazos de cada ano.

Non obstante, o órgano competente da entidade xestora, e baixo motivos debidamente xustificados que han de constar no expediente, pode admitir e resolver solicitudes fóra dos prazos establecidos cando as solicitudes as realizan as administracións públicas por razóns de urxencia ou as persoas interesadas en xeral en casos particulares e excepcionais.

O prazo máximo para resolver o procedemento e notificar a resolución é de 6 meses, que se contará dende a data do acordo de iniciación. Vencido o prazo máximo sen que se dite e notifique a resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo.

2. Aclaración sobre a aplicación da Resolución do 7 de agosto de 2012 do director xeral de Agader sobre instrucións aclaratorias.

Por razóns de claridade e seguridade xurídica, aclárase que, como consecuencia do acordo do Consello de Dirección do 25 de marzo de 2013, quedaron sen efecto os puntos terceiro, cuarto e quinto da Resolución do 7 de agosto de 2012 do director xeral de Agader sobre instrucións aclaratorias no procedemento de adxudicación de cesión de predios incorporados a través do Banco de Terras.

3. Delegación de competencias.

De conformidade co artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e ao abeiro do artigo 6º.1.j) do Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader):

galicia





Primeiro. Deléganse na persoa titular da Presidencia e na persoa titular da Dirección Xeral de Agader as seguintes competencias do Consello de Dirección:

I.- Na persoa titular da Presidencia de Agader:

1. Acordo e formalización de convenios e contratos por importe superior a 900.000 euros que deban concertarse con entidades públicas ou privadas para o axeitado exercicio das funcións da axencia, en relación á función regulada no artigo 6º 1. f) do Regulamento de Agader.
2. Acordo e formalización da contratación do persoal de alta dirección de Agader, en relación á función regulada no artigo 6º 1. f) do Regulamento de Agader.
3. Resolución de recursos administrativos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
4. Autorización previa dos gastos comprendidos entre 900.000 e 1.800.000 euros.
5. As competencias relativas á incorporación ou devolución ao patrimonio da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de bens inmobles e dereitos reais, ao que fai referencia o artigo 5.2 da Lei de Galicia 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras e o capítulo IV do Título I da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.
6. As seguintes competencias establecidas na Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia:
 - a) A aprobación das taxacións periciais e informes técnicos no caso dos negocios que deban de ser aprobados polo Consello de Dirección, ao que fai referencia o artigo 49.2.
 - b) O alleamento de bens inmobles e dereitos reais, ao que fai referencia o artigo 74.2.
 - c) O inicio do procedemento de alleamento de bens inmobles ou dereitos reais, ao que fai referencia o artigo 75.1.
 - d) A fixación do tipo da poxa no caso de alleamento, ao que fai referencia o artigo 76.3.
 - e) A permuta de bens inmobles e dereitos reais, ao que fai referencia o artigo 81.3.
 - f) A cesión gratuíta de bens inmobles ou dereitos reais, se o Consello de Dirección é o órgano competente para adoptar a cesión, ao que fai referencia o artigo 83.2.
 - g) A resolución da cesión, se o Consello de Dirección é o órgano competente para o seu outorgamento, ao que fai referencia o artigo 86.3.

II.- Na persoa titular da Dirección Xeral de Agader:





1. Exercicio das funcións vinculadas á execución dos programas de desenvolvemento rural Leader +, Proder II e Agader, ou outros da mesma natureza promovidos por entidades similares aos actuais grupos de acción local, tales como a aplicación, modificación, reintegro de fondos, liquidación e peche, excepto as seguintes: aprobación e modificación das bases reguladoras, concesión de axudas para os programas de cada grupo de acción local e modificación destas axudas por un importe que exceda, en máis ou en menos, o 20% do volume de fondos públicos asignados a un grupo de acción local.
2. Aprobación dos procedementos para a selección das solicitudes de financiamento de plans, programas e actuacións con cargo ao Fondo Galego de Desenvolvemento Rural, regulada nos artigos 6º 1. d) e 10º 2 g) do Regulamento de Agader.
3. Aprobación dos procedementos para a xestión orzamentaria do Fondo Galego de Desenvolvemento Rural, regulada no artigo 16º do Regulamento de Agader.
4. Distribución dos recursos do Fondo Galego de Desenvolvemento Rural entre as solicitudes de financiamento ou cofinanciamento de plans e actuacións presentados diante de Agader, regulada nos artigos 17º e 18º do Regulamento de Agader.
5. Acordo e formalización da contratación do persoal de Agader, agás a través de contratos de alta dirección, en relación á función regulada no artigo 6º 1. f) do Regulamento de Agader.
6. Decisións sobre a participación da axencia en programas e proxectos de incidencia sobre o ámbito rural, en particular respecto da formalización de acordos coas entidades participantes nos ditos programas e proxectos e da concreción e periodización dos compromisos financeiros, que deberá adaptarse ás disponibilidades da axencia, en relación á función regulada no artigo 6º 1. j) do Regulamento de Agader.
7. Acordo e formalización de convenios e contratos por importe inferior a 900.000 euros que deba concertar Agader con entidades públicas ou privadas para o axeitado exercicio das funcións da axencia, en relación á función regulada no artigo 6º 1. f) do Regulamento de Agader.
8. Autorización previa dos gastos inferiores a 900.000 euros.
9. As seguintes competencias establecidas na Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia:
 - a) Instar a presentación de ofertas de inmobles ou dereitos a permutar, se o Consello de Dirección é o órgano competente para a cesión, ao que fai referencia o artigo 81.4.
 - b) Tramitar a baixa en tráfico trala cesión de vehículos a terceiros mediante a súa transmisión en propiedade, se o Consello de Dirección é o órgano competente para a cesión, ao que fai referencia o artigo 82.5.



- c) O coñecemento das peticións de cesión gratuíta de bens ou dereitos, se o Consello de Dirección é o órgano competente para adoptar a cesión, ao que fai referencia o artigo 84.1.
- d) As cesións e demais operacións patrimoniais sobre bens e dereitos que se deriven da execución do planeamento urbanístico, se o Consello de Dirección é o órgano competente para a operación patrimonial de que se trate, ao que fai referencia o artigo 102.1.
- e) Realizar os distintos actos que requira a participación nas actuacións de execución do planeamento, se o Consello de Dirección é o órgano competente para a operación de que se trate, ao que fai referencia o artigo 102.2.
- f) Resolver sobre a admisión ou non da petición de terceiros en cuxa virtude se pretenda adquirir bens ou dereitos, por calquera título, ao que fai referencia a disposición adicional primeira.

Segundo. A presente delegación e a súa revogación publicárase no Diario Oficial de Galicia e figurará dun xeito permanente e accesible na páxina web institucional de Agader. As resolucións e actos que se adopten en uso da presente delegación indicarán expresamente esta circunstancia, con referencia ao número e á data da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, e consideraranse ditadas polo órgano delegante. En calquera momento o Consello de Dirección poderá revogar a delegación ou avogar o coñecemento dun asunto mediante o correspondente acordo.

Terceiro. O presente acordo de delegación de competencias deixa sen efecto o acordo de delegación do 21 de xuño do 2007 (DOG núm. 134, do 11 de xullo).

Cuarto. O presente acordo de delegación de competencias producirá os seus efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.”

A acta do citado Consello de Dirección está pendente de aprobación nunha xuntanza posterior.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
Lugar da Barcia 56, Lاراño
15897 Santiago de Compostela
Tel: 981547354 - Fax: 981547381
agader.xunta.es
CIF: Q1500273F



E para que conste, asino esta certificación en Santiago de Compostela, a vinte de agosto de dous mil trece.

Vº e praxe

A presidenta de Agader



Rosa María Quintana Carballo

O secretario do Consello de Dirección

Isaías Calvo de la Uz